



Leprocaulon quisquiliare (Leers) M. Choisy

Medra principalmente nas superficies verticais das rochas silíceas sombrías cubertas por unha película de terra (fotos 1, 2), tamén na orientación N dos muros de monumentos, máis rara nos troncos.

Talo mini-fruticuloso (fotos 3, 4) formado por numerosas e pequenas poliñas de cor branco chamadas pseudopodocios (foto 4) de 0,2-0,3 mm de espesor e de 2-4 mm de alto. Estas poliñas están cubertas de gránulos pulverulentos de cor verdoso ou azulado formando en conxunto unha costra leprosa (foto 3). Apotecios descoñecidos.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: As reaccións son negativas agás cando o talo reacciona K⁺C + amarelo.